



## **SORTEO PÚBLICO PARA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA ELECTORAL PARA AS ELECCIÓNS AO CONSELLO ESCOLAR**

De conformidade co establecido na RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 29/09), realizarase proximamente neste Centro a **renovación do CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Centro.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- Director do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un alumno ou alumna.
- Un representante do persoal de administración e servizos

Os catro últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito **sorteo**, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o próximo **día 26 de outubro, ás 12:15 horas**.

**Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar as súa candidatura** para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro. A Xunta Electoral, unha vez constituída, poñerá a disposición das persoas candidatas un **impreso para formalizar a candidatura** que se poderá recoller na secretaría do centro.

Meira, a 25 de outubro de 2021

O DIRECTOR DO CENTRO,

Asdo.: Mario Outeiro Iglesias